



Tempo de Lecer Ourense

Novas

O acto contou coas intervencións do seu autor, Xabier Paz, e máis do director de Xerais, Manuel Bragado

**Xerais presentou en Vento do Sul o seu último lanzamento
editorial: "As vidas de Nito"**

Trátase dunha novela que posúe un enorme poder evocativo "e unha vontade estilística arrebatadora"



Actividade: Presentación da novela: *As vidas de Nito*.

Data: Xoves, 27 de xuño de 2013.

Lugar: Vento do Sul (Ourense).

Edita: Editorial Xerais.

Prezo: 21 euros.


Ourense, 01 de xullo de 2013

A Editorial Xerais presentou este xoves en Ourense o seu último lanzamento editorial: *As vidas de Nito*, de Xabier Paz. O acto tivo lugar na Librería Torga e contou coas intervencións do autor da obra e de Manuel Bragado, director de Xerais.

Segundo explicou Manuel Bragado, *As vidas de Nito* "é unha novela escrita cun enorme poder evocativo e cunha vontade estilística arrebatadora". O libro conta a historia de Casiano Cendán Rocha, un home de idade que vive nunha residencia e que fai memoria da súa vida a través das

conversas coa súa neta Aldara, que remexe nel os sedimentos máis íntimos. Canto importa o corpo? Que lle sucede a un neno que non medra como é debido?

O catalizador de inesperados procesos íntimos



Para Casiano, durante a infancia e a puberdade, o seu corpo foi fonte de desacougo e estrañeza. Logo, xa adulto, a súa paixón por África converteuse no referente dunha existencia chea e dorida. As visitas da súa neta actúan como o catalizador de inesperados procesos íntimos. Casiano debulla recordos para compoñer a esquecida historia da súa nenez e puberdade. Desde a chegada da Coca-Cola até a traizón da Transición, é retratada unha época que case todos queren esquecer. Na lembranza desfilarán as angueiras de Nito, un neno de anómalo e lento medrar, a súa perplexidade ante a rareza, a dor da diferenza, a educación relixiosa, a perda da inocencia, o asalto da sexualidade... Aldara recibe estrañada as disertacións do avó, visita tras visita, desde a historia de Papá Noel até a termodinámica da vida, desde a literatura até as vantaxes da morte. Segundo Manuel Bragado, "unha desolada lucidez, non exenta de humor, percorre o texto desta novela na voz do narrador".

Xabier Paz

Xabier Paz (A Coruña, 1949) reside en Vigo, onde exerceu diversos oficios desde 1980. Doutor en Ciencias Biolóxicas, actualmente é investigador (biólogo pesqueiro) no Centro Oceanográfico de Vigo. Na década de 1980 foi colaborador do Suplemento As Artes e as Letras do *Faro de Vigo* e máis recentemente das revistas *Sobremesa* e *Viajes* de National Geographic, así como da revista galega de pensamento crítico *Inzar Razóns*. Como escritor, publicou as novelas *Renacer* (Xerais, 2008) e *As vidas de Nito* (Xerais, 2013); os poemarios *Sedimentos* (2001), *No canto do mar* (2005), *Materia de Lucrecio* (Xerais, 2006), *Filoxenia do sangue* (2006) e *Cantos milesios* (2007). Tamén é autor do libro *Follas do bacallau* (Xerais, 2005), que recolle a vida a bordo dos pesqueiros de gran altura.

Ver máis novas... (/novas/todas)

Quen somos (/eventos/quensomos) | Contactar (/eventos/contactar) | Aviso Legal (/eventos/avisolegal)

© 2009 - TDLOU